

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra dictou a seguinte RESOLUCION:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. José Luis Díez Yáñez.
(Delegado Provincial da Consellería de
Agricultura, Gandería e Montes.)

VICEPRESIDENTE

D. José J. Barreiro Prado
(Maxistrado da Audiencia Provincial)

VOCALIS

D. Teodoro Arribas Serrano
(Xefe do Servizo de Montes e Ind.Forestais)

D. Luis M^a Muíños Vidueira
(Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta)
D. Serafin Quinteiro Blanco
(Avogado polo colexio da provincia)

**VOCALIS REPRESENTANTES DA
PARROQUIA DE CURRAS TOMIÑO**

D. Daniel Castiñeira Perez.

SECRETARIA

D^a. Ramona C. Fernández Alvarez.
(Xefa da Sección Xurídica da
Delegación Provincial de Agricultura,
Gandería e Montes)

Na cidade de Pontevedra sendo as
dezasete horas do día 4 de xuño de
1997, coa asistencia das persoas á
marxe reseñadas reunese na 4ª planta
do edificio sito no nº 47 da rúa
Benito Corbal o Xurado Provincial
de Clasificación de Montes Veciñais
en Man Común ó obxecto de decidir
sobre a Clasificación do monte “
Cruceiro”. da Parroquia de Curras,
do Concello de Tomiño.

Polo Presidente da Xunta Rectora
da Comunidade de Montes Veciñais
en Man Común da Parroquia de
Curras solicitouse a clasificación
dunha parcela que non foi incluída
na Resolución do Xurado Provincial
de data 20/11/79, e que nómease
como “Cruceiro” nunha cabida de
2,35 has, lindando en tódolos seus
ventos con propiedades particulares,
pertencente ó termo municipal de
Tomiño.



Iniciado o expediente de clasificación co nome do "Cruceiro" fixéronse as oportunas publicacións nas que figura o citado monte cunha superficie de 2,35 Has., solicitándose a anotación preventiva no Rexistro da Propiedade, non practicándose a mesma dada a indefinición dos lindeiros que non identifican os propietarios colindantes, polo que dacordo co artigo 9 da Lei Hipotecaria non puido practicarse tal asento rexistral.

O citado monte está atravesado pola estrada A Guarda-Tui C- 550, encontrándose a marxe dereita en dirección a Tui, ou a esquerda en dirección a Guarda, unha zoa de recreo, asfaltada, onde existe un galpón, un centro de inseminación artificial e propiedades particulares, o campo da festa, así como unha marquesiña construída para a parada de autobús. Noutra banda, existe un campo de fútbol ,e unha casa do pobo, adicada a sesións parroquiais, asemade, monte e matorral de uso e disfrute polos veciños, nalgúns zoes para pastoreo do gando.

Neste senso maniféstase o informe emitido pola Xefatura Provincial de Montes obrante no expediente de data 30/9/96, que sinala que a superficie comprobada non coincide coa solicitada pola Comunidade de 2,35 Has., sendo a mesma de 1,9 Has., dacordo co perímetro que figura nos planos aportados ó expediente.

No trámite de alegacións personouse no expediente o Concello de Tomiño, o cal oponse a clasificación da zoa do monte do sureste, marxe dereito da estrada comarcal C-550 A Guarda-Tui, presentando informe do aparelador municipal con planos parcelarios, sinalando, que dito tramo encóntrase asfaltado, existindo algunhas edificacións e incluso propiedades particulares, aportando unha relación de parcelas coas características catastrais, no que dúas das comprendidas dentro do perímetro a clasificar figuran os propietarios perfectamente identificados, e outra delas a nome de propietarios descoñecidos, aparecendo as mesmas perfectamente localizadas nos devanditos planos.

Asemade, aportanse tamén fotografías do terreo do que se pretende a súa clasificación, que reflexan o carácter urban daquel, que se ben serve para esparcemento e recreo dos veciños non poden considerarse como rústicos ou de uso agrícola que veñan aproveitándose como tales pola Comunidade Veciñal.

Se ben a Comunidade solicitante do monte aporta un estudio do enxeneiro técnico agrícola D. Anxo Bravo Portela e documentación histórica do monte, ésta refírese ó monte da Parroquia de Currás en xeral, sen diferenciar o xa clasificado daquel do que se pretende agora a Clasificación.

Tendo en conta estas consideracións o Relator solicitou da Xefatura de Montes a delimitación e planimetría da parte de monte situada a marxe esquerda da estrada comarcal 550 de A Guarda-Tui, aportándose un plano a escala 1:10000 do que resulta que dita parcela de monte ten unha superficie de 0,804 Has.

Por todo o exposto, os membros do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de maneira unánime, **Acordan rexeita-la** Clasificación da parte do monte solicitada, situada á marxe dereita da estrada C.-550 de A Guarda-Tui, por existir fincas particulares e edificacións que aparecen comprendidas no perímetro solicitado, e non reunir os requisitos do artigo 1 da Lei 13/89, de 10 de outubro, e 1º do Regulamento ó non resultar acreditado o seu aproveitamento como Veciñal en Man Común.

Asimesmo, os membros do Xurado de maneira unánime **Acordan Clasificar** como monte Veciñal en Man Común a parcela do monte situado ó Nordeste da estrada C-550 cunha superficie de 0,804 Has., coa descrición gráfica sinalada na planimetría que a escala 1:10.000 e 1:1.000 incorporase a presente Resolución, formando parte inseparable da mesma e que se corresponde coa seguinte descrición :

NOME DO MONTE: Cruceiro

CABIDA: 0,804 Has.


LINDES

NORTE: Propiedades particulares


SURESTE: Estrada C-550 de A Guarda-Tui.

OESTE: Propiedades particulares.

Contra a presente Resolución poderá interpoñerse Recurso Contencioso-Administrativo no prazo de DOUS MESES, dende a notificación da mesma ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 58 da Lei Reguladora da antedita xurisdicción en relación co artigo 12 da Lei 13/89 do Parlamento de Galicia de 10 de outubro de Montes Veciñais en Man Común, e o artigo 28 do seu Regulamento aprobado por Decreto 260/92 de 4 de setembro, modificados ambos preceptos pola Lei 30/92 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.



Handwritten signatures and stamps, including a circular stamp with the text "1.º de outubro de 1992".




Plano del monte "CRUCEIRO" Curras Tomiño
cuya clasificacion solicito la comunidad de
montes en Mano Comun de Curras Tomiño
Superficie: 0.804 Has.

ESCALA 1:1000

Pontevedra Mayo de 1997

El Ingeniero Tecnico de Montes

El Aux. de Campo



Plano del monte "CRUCEIRO" Curras Tomiño
cuya clasificacion solicito la comunidad de
montes en Mano Comun de Curras Tomiño
Superficie: 0.804 Has.

ESCALA 1:10.000

Pontevedra Mayo de 1997

El Ingeniero Técnico de Montes

El Aux. de Campo